

BANDO

CONVOCATORIA PARA SOLICITUDE DE PRAZAS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL PARA O CURSO 2022-2023

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de ingreso na Escola Infantil Municipal para o vindeiro curso 2022-2023

Poderán solicitar praza na Escola Infantil Municipal aqueles nenas/os con idade entre os 3 meses e os 3 anos, por conseguinte, **os nados a partir do 1 de xaneiro de 2020**.

Por ser unha escola de integración, pódese solicitar praza para nenas/os con discapacidade física, psíquica e sensorial. Neste suposto poderase, logo da valoración técnica, prorrogar a permanencia destes nenas/os un ano máis, fóra dos límites da idade.

Os impresos de solicitude pódense descargar da páxina web do Concello e serán entregados no Rexistro do Concello, debidamente cubertos, en horario de 9 a 13 horas de luns a venres, achegando a documentación solicitada.

O prazo de presentación de solicitudes será dende o 28 de marzo ao 29 de abril, ambos os dous incluídos.

No caso de falta de documentación ou defecto na documentación aportada, requiriráselles aos interesados para a súa subsanación, cun prazo máximo de 10 días para a presentación dos documentos pendentes.

A Comisión de Baremación será a encargada de efectuar a selección, aplicando os baremos establecidos pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Ponteareas, 21 de marzo de 2022

A Alcaldesa

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA
Asinado electrónicamente

